



## ESCRITA PROPIA

### 'OS SOÑOS DE CAÍN'

Obra dedicada a Carlos Couceiro Carro, dramaturgo da Compañía, in memoriam.

Os *soños de Caín* é a re-creación dun mito vivo na conciencia individual e colectiva.

Un *ímpeto* procura *palabras por sempre...* «*eu tamén soñar*»; procura asemade *liberarse* dos vencellos; *buscarse* a si mesmo. Nun esforzo por **desentrañar** coa intelixencia do «*escondite*» *pequenos segredos* retidos na lembranza dun inimaxinable ceo de silencios. Estamos diante do que Leibniz chamaba o *grande misterio do que puido ter sido*. Era un comezo na intimidade

da conciencia do poeta. A **lembranza** é AZUL.

#### A ESPERANZA

Duplos sentidos: da adversidade e o encontro; de querer ser árbore, pedra ou algo incerto... *Afogar para non ver a xenreira*. As contradicións resultan insuperables. **Afogar** na *onírica metamorfose*. Progresión cara a un *grao escuro*. Renunciar á **luz**. *Irmán, ponte no meu lugar*. O corazón ardente, o lume reducido a cinzas nús. As asimetrías escapando a calquera solución: *Caín, o primeiro fratricidio*.

